



## Oratoria.

---

Carga horaria: 3h. Departamento: Lingua Galega.

Empregar a palabra en público é unha das destrezas máis necesarias para calquera persoa que viva hoxe en día na nosa sociedade. Falar ben en público, dominar a arte da palabra, permítenos partir con vantaxe en multitude de situacións e senta as bases dunha adecuada relación cos demais. A materia distribúese en catro bloques: os tres primeiros tratan sobre as estratexias que podemos usar cando falamos en público para convencer ós demais; o cuarto bloque céntrase na importancia da oratoria nas sociedades democráticas, como forma de empatía e de coñecer os sentimentos doutras persoas. O enfoque metodolóxico vai ser totalmente práctico, fomentándose o traballo cooperativo e primando na avaliación as tarefas que o alumnado vai ir desenvolvendo ó longo do curso.